

# Santa Verónica

Antonio Piñeiro

Ameazaba con chover todo o que quedaba de día e esa foi a razón pola que aquela tarde cincenta, e aproveitando un escampo, Verónica decidiu ir facer unhas compras para o resto da semana. Cando cruzou polo escenario da Praza Maior, de pronto viu camiñar cara a ela un mozo ben parecido e rebuldeiro que a cada paso que daba, cada paso facía canción dunha palabra rimada con todos cantos se cruzaban con el, e que ademais –cousa inusual para aqueles tempos– levaba pendurada do pescozo unha cámara de fotos.

Absorta, non obstante, nuns pensamentos moito máis terreos e cotiáns coma o de lembrar a listaxe dos produtos que ía mercar, a verdade foi que alén do primeiro enxergamento non lle volveu dar importancia ó encontro co fotógrafo e valorou que, se os seus pasos e os do rapaz fosen bater no espazo e no tempo aquela venteira mañá, había ser simplemente por mor da casualidade obrigada de vivir nun lugar tan pequeno.

Nas poucas semanas que levaba na vila nunca o vira, nin máis alto nin máis fraco, e, polo tanto, non relacionou aquel encontro con ningunha circunstancia allea á da mera estatística. Entre outras cousas porque nos intres que continuaron deseguido tampouco tivo moito tempo de enfiar ningunha lóxica, xa que logo, intuitivamente sucedeuse entre ambos os dous unha conversa que habería quedar aberta:

–A patroa dos fotógrafos –que foi unha muller moi bonita– non me permite ver pasar pola rúa unha fermosura así sen facerlle unha foto –dixo el.

A ela fíxolle graza a ocorrencia, pois aínda que non era especialista na ciencia espiritual do santoral, algo sabía del e certamente nunca oíra que os fotógrafos puidesen ter algún patrón. Polo que, deixándose levar, e sen parar de camiñar, preguntoulle:

–¿E logo, quen é o patrón dos fotógrafos?

–Se me deixas sacarche unha foto, segundo como saias de contenta, direicho ou has de quedar coas gañas de sabelo –repúxolle el, consciente de que o acto de seguirlle a conversa xa era un bo indicio no proxecto comercial da xornada.

–É que teño présa, que vai chover e despois móllaseme a compra.

–Ben, pois entón vouche facer un trato barato, porque dunha ou doutra maneira non podo desperdiciar a unha clienta coma a que me has ser ti o día que te vexas na foto. Se te retrato e no cartón que resulte non te ves como cres que es, non che cobro o traballo. E, se pola contra, es quen es, entón regálacha. E ademais dígoche quen é a nosa patroa e cando é a súa onomástica, sempre e cando –iso si– me aceptes un convite no café do Daro.

–¿E ti qué lle sacas a cambio? –preguntoulle ela sorprendida.

–Pois en principio gaño unha clienta. E logo a saber... ¿Paréceche pouco beneficio?

Entón foi cando o «clic» da Leica se disparou e ela, ruborizada pola confianza que lle acababa de ofrecer a un home que acababa de coñecer aquela mañá, querendo fuxir do encerro ó que

OUTONO FOTOGRAFICO 2008

inconscientemente se vira sometida, sentiu coma se o disparo da cámara se lle chantara ardendo nese punto do corazón onde a un lle inxectan a vitamina do amor para sempre (...)  
Mal sabía ela, entón, o que el si sabía concordante. É dicir, que a patroa dos fotógrafos se chamaba coma ela. Era, polo tanto, santa Verónica.  
(...)

Quen miraba con nostalgia a estampa, agora, era unha doce muller-ciña, xa viúva, que moi pouco tiña que ver na axilidade dos acenos con aquela moza da antuca nunha actitude fuxidía coa que un día pretendeu eivar o destino e por iso saíu movida na foto, pero a cambio recibiu de regalía —envolta na verónica santa que argallara o embeleñante— toda a felicidade que un home lle pode ofrecer a unha muller na vida.

OUTONO FOTOGRAFICO 2008

